

SABELA SEGUE ADIANTANDO O QUE SERÁ O SEU NOVO EP CO LANZAMENTO DE [CERCA DE TI](#)



Bueu, 29 de agosto de 2025. Sabela continua adiantando os sinxelos que conformarán o seu **próximo EP**, previsto para os próximos meses, co recente lanzamento de [Cerca de ti](#). Este novo tema, caracterizado por unha produción minimalista, é un agradecemento a todo ese **amor bondadoso que transmiten os nosos animais**. Unha vez máis, como xa pasou no seu anterior adianto, [Camponaraj](#), Sabela mergulla na súa faceta como produtora, **producindo integramente a canción** e buscando un carácter minimalista que xerese tenrura, cunha idea de son que tivo clara dende o principio e que só tivo que ir desenvolvendo e explorando para chegar a el.

A artista galega enfoca novamente a súa visión cara a **vida no campo**, elemento continuo seguido nos adiantos do seu EP, desta vez centrando a temática nos animais e situando a súa sonoridade nesa calma que se sente no **rural**. A modo de curiosidade, Sabela desvela que os paxaros que soan no inicio de [Cerca de ti](#) é un *sample* inspirado nos sons que percibe dende o seu estudio, e que polo tanto imita aos paxaros que escoita mentres compón. Desta maneira, mantén a súa forte aposta por dar voz e poñer no mapa musical á creación e a vivencia do rural.

A **portada** do tema destaca pola **homenaxe á memoria de Lolo**, un dos animais de Sabela máis coñecidos polo seu público. Durante as longas xornadas de composición no estudio era unha das súas grandes compañías, xa que lle encantaba acomodarse

canda ela mentres compoñía. Desá forte conexión con el, así como do resto de animais que a artista ten na casa, nace este tema íntimo e profundo, á par que minimalista.

Desta maneira, Sabela segue acrecentando este momento doce arredor da súa música que está a vivir. Tras a gran acollida dos primeiros adiantos, [Hi, My love](#), [Eu espero aquí](#) e [Camponarai](#), así como das dúas extensas xiras por salas de España e Galicia, a artista recolleu os froitos do traballo feito en forma de recoñecementos, recibindo o **Premio Martín Códax da Música na categoría de Pop e Indie**. A artista encara desta forma un ano no que se publicará o seu tan esperado traballo discográfico en forma de EP.

MÁIS SOBRE SABELA

Sabela Ramil é unha das caras visibles desta nova onda de **pop electrónico** que triunfa no panorama musical actual. Coas súas tinguiduras animadas e bailables, Sabela converteuse xa no **gran alicerce deste xénero** en Galicia. As súas cancións acumulan **centos de miles de reproducións**, conquistando con grandes xiras en directo **importantes salas ao longo de España e de Galicia**, así como festivais da talla de **O Son do Camiño, BIGSOUND Pontevedra, SonRías Baixas, Festival do Pasatempo** ou **Festival Noroeste**. Con todo isto, durante este mesmo ano Sabela presentará o seu **novo EP**, no que [Hi, My Love](#) e [Eu Espero Aquí](#), publicados a finais de 2024, e [Camponarai](#) e [Cerca de ti](#), publicados recentemente, son xa os seus **primeiros sinxelos**.

A artista galega soubo madurar o seu proxecto para levalo a unha **nova etapa da súa carreira**, e a pesar de contar cun **estilo xa propio e identificable**, aposta forte por un **son máis internacional mantendo elementos tradicionais galegos**, fortalecendo así as súas raíces. [Cerca de ti](#), último sinxelo de Sabela, precede a temas como [Hi, My Love](#), [Eu Espero Aquí](#) e [Camponarai](#), que veñen de obter grandes números de escoitas e visualizacións, así como recoñecementos como o **Premio Martín Códax da Música na categoría de Pop e Indie**, e nominacións a prestixiosos galardóns como os **Premios de la Academia de la Música, Premios Mestre Mateo, Festival de Cans** ou **Festival de Videoclips de Oviedo**.

[Acceso ao PressKit de Sabela](#)

CONTACTO DE PRENSA SABELA

Rodri Míguez | +34 986 903 509
comunicacion@playplan.es

AXENCIA DE MANAGEMENT SABELA

PlayPlan - +34 986 903 509 ext. 206
contratacion@playplan.es
www.playplan.es

